



PLAN DIXITAL

CEIPP de Pedrouzos

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Enderezo		C.P.
Paseo de Pedrouzos s/n		15865
Localidade	Concello	Provincia
Pedrouzos, Brión	Brión	A Coruña
Tfno.	Correo electrónico	
881 86 60 78	ceip.pedrouzos@edu.xunta.gal	
Páxina web	www.pedrouzos.gal https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdepedrouzos/	

O Ceip Plurilingüe de Pedrouzos conta, no presente curso escolar, con 45 mestres (dous deles compartidos con outros centros do Concello) e con 534 alumnos matriculados que varían ao longo do ano con incorporacións e baixas e que se distribúen do seguinte xeito:

EDUCACIÓN INFANTIL	
CURSO	ALUMNADO
4º Curso de Educación Infantil	29
5º Curso de Educación Infantil	25
6º Curso de Educación Infantil	34

* En educación infantil hai menos alumnado xa que no Concello hai unitarias.

EDUCACIÓN PRIMARIA	
CURSO	ALUMNADO
1º Curso de Educación Primaria	72
2º Curso de Educación Primaria	78 *
3º Curso de Educación Primaria	67
4º Curso de Educación Primaria	78 *
5º Curso de Educación Primaria	78 *
6º Curso de Educación Primaria	73

* Na actualidade funcionan catro liñas nestes niveis.

En canto á distribución de espazos cabe mencionar que o centro consta de dous edificios, un de Infantil e outro de Primaria, comunicados entre sí. Cada un deles ten o seu propio patio de recreo.

O edificio de Infantil consta dunha planta distribuída do seguinte xeito:

Aulas (4º, 5º e 6º Curso).	Aula de Psicomotricidade/Tic's (1)	Recibidor (2)
-----------------------------------	---	----------------------

(1) A aula de Psicomotricidade/Tic's tamén se usa coma un espazo para o Servizo de acollida antes do comezo das clases e para algunha actividade extraescolar que ten lugar fóra do horario escolar.

(2) É unha dependencia na entrada para recibir ao alumnado e distribuílo para facer a entrada ás respectivas aulas.

O edificio de Primaria consta de tres plantas e a distribución é a seguinte:

PLANTA BAIXA								
Seis aulas (1º e 2º Curso).	Aula de 2º ciclo	Aula de 2º ciclo	Aula de PT	Aula de AL_1	Biblioteca	Ximnasio	Conserxería	Dirección, secretaría e xefatura de estudos

PRIMEIRA PLANTA							
Seis aulas 2º e 3º ciclo	Aula de Relixión	Aula de AL_2	Sa de profesorado	Orientación	Comedor de Primaria	Comedor de Infantil	


SEGUNDA PLANTA			
Catro aulas (2º e 3º ciclo).	Aula de Música	Aula de Inglés	Aula de Informática

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

Característica socioeconómicas e culturais do contexto do centro

O CEIP Pedrouzos está situado no concello de Brión, provincia de A Coruña. É un concello con 106 pequenas aldeas moi dispersas, agrupadas en 9 parroquias, condición que fai que sexan moi útiles os servizos complementarios de comedor e transporte.

Atópase nun enclave estratéxico por estar preto de servizos tan útiles coma o Centro médico, farmacia, edificio do concello e un centro social polivalente onde se ubica o Servizo de Asuntos Sociais.



Este colexio está asentado nun medio rural, en continuo cambio debido a un aumento considerable da poboación nestes últimos anos. Hoxe en día, o alumnado que asiste a este Centro, xa non é a maioría do medio rural, senón de urbanizacións e os seus pais adócanse a outras actividades distintas das rurais, traballando unha gran parte no sector servizos, que se trasladaron desde distintos lugares a vivir ao Concello de Brión.

Dista uns 13 km de Santiago de Compostela, e está integrado na comarca de Santiago. Esta cercanía resulta moi positiva polo aproveitamento dos recursos e actividades que nos oferta dita cidade.

Incardinación e contribución do PD ao Proxecto Educativo. Relación con outros Plans e proxectos do centro: traxectoria no ámbito das novas tecnoloxías, programas de innovación nos que participa,

O presente Plan Dixital deberá ter en conta e estar relacionado cos proxectos que se instauraron no centro nos anos previos. Algún destes proxectos son:

- Proxecto Abalar. (Seguimos mantendo este equipamento)
- Robótica Educativa en Primaria.
- Proxecto E-Dixgal.
- ELBE...

Contribución do PD á Programación Xeral Anual do curso 22/23.

O Plan Dixital enmárcase dentro do Proxecto Educativo (PE) recolléndose nel a estratexia dixital do centro como establece a normativa vixente, así coma noutros documentos como a Programación Xeral Anual (PXA), que recolle as concrecións anuais do PE e na que se recollerán os cambios correspondentes cada curso académico.

Este Plan contribuirá, sen dúbida, á modernización do centro e estará aprobado antes de que finalice o vindeiro curso académico.

1.3. Breve xustificación do mesmo

As referencias legislativas que se tiveron en conta para a elaboración do Plan Dixital foron as seguintes:

- *Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación*
- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022*
- *Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022*
- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do*

Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

1.4. Proceso de elaboración

Tendo en conta o establecido na Resolución do 3 de setembro pola que se dictan instrucións para o deseño, elaboración e implantación do Plan Dixital, o CEIP de Pedrouzos solicitou unha nova liña ao seu proxecto de formación (PFPP) á que se uniron as escolas unitarias do Concello.

Ademais desta liña, tamén se nos asignou unha mentora que acompañaría ao centro na realización do Plan Dixital e que marcaba a liña de traballo e a temporalización das actividades a levar a cabo. Dito acompañamento consistiu na visita ao centro e tamén en formación por videoconferencia.

A modo de resumo, poderíamos clasificar as tarefas deste xeito:

- Elaboración e posta en práctica do SELFIE
- Cumprimentación do test de Competencia Dixital Docente (CDD)
- Elaboración dun DAFO
- Establecemento dos obxectivos dentro do Plan de Acción tendo en conta os resultados do DAFO
- Elaboración do propio Plan Dixital

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

No presente curso, tras unha solicitude realizada á Unidade de Atención a Centros (UAC), unha empresa actualizou a rede inalámbrica de todo o centro. Por tanto, en calquera espazo do noso centro temos acceso ás redes wifi edu.xunta.gal e ABALAR coa excepción da zona de administración que se conecta a outra rede. Sinalar tamén que no edificio de infantil non dispoñemos de acceso á rede ED_ polo que cada mestre se deberá conectar coa súa clave persoal.

Indicar tamén que todo o centro dispón de instalación de rede cableada.

En canto ás infraestruturas de voz, sinalar que só se dispón de teléfonos na zona de administración, no departamento de orientación e un único terminal no edificio de Educación Infantil.

No referente ao equipamento informático e audiovisual dispoñemos dos seguintes dispositivos:

- *Un ordenador de sobremesa, altofalantes, un proxector e un encerado dixital en cada aula. (Os ordenadores precisan dunha actualización urxentes xa que teñen ao redor de 15 anos. Os encerados dixitais foron mercados polo centro).*
- *7 aulas dixitalizadas. (Impártese E-Dixgal, antigas aulas Abalar).*

- 158 portátiles E-Dixgal de alumnado.
- 12 portátiles E-Dixgal de profesorado.
- 21 portátiles Fenda Dixital para alumnado.
- 160 portátiles Abalar de alumnado. (Moitos en mal estado)
- 24 Tablets Android (12 mercadas con fondos propios e 12 gañadas nun concurso).
- Aula de Informática con 12 postos e un adicional para mestre. (DELL Optiplex 740 e 755 moi antigos)
- 5 ordenadores en Administración.
- 6 ordenadores na Biblioteca. (Mercados con fondos propios e que precisan de actualización)
- 4 ordenadores na sala de profesorado. (Mercados con fondos propios e que precisan de actualización).
- 1 servidor propio.
- 2 Fotocopiadoras e unha impresora para Administración do centro. A impresión está centralizada nas fotocopiadoras a través dun servidor de impresión e non se dispón de máis impresoras.
- Outros equipamentos de robótica, tabletas dixitais..

En canto aos servizos dixitais educativos debemos mencionar que o centro impón sempre o uso dos servizos corporativos mais nalgún caso o profesorado opta por algún servizo non corporativo como pode ser ClassDojo.

Os servizos corporativos máis empregados son a páxina web www.pedrouzos.gal, a aula virtual do centro www.aulavirtual.pedrouzos.gal, espazoAbalar e tamén AbalarPro nos dispositivos persoais de algúns mestres. O centro non dispón de blogues externos. A aplicación Ageiro úsase moi pouco pero está previsto extender o seu uso no centro.

O CEIP de Pedrouzos non dispón de ningún contrato de mantemento con empresas externas polo que o mantemento dos máis de 400 ordenadores e outros dispositivos lévaos a cabo o equipo TIC do centro. Puntualmente son apoiados por técnicos da UAC ou do Servizo Premium.

Previamente a este Plan Dixital o centro xa dispoñía de un Plan Tic que organizaba todos os aspectos relacionados coas Tics no centro e que se engade como un anexo á PXA de cada ano.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Os resultados obtidos nas diferentes áreas do informe SELFIE no centro son as seguintes:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post

						sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	3,9				
	Profesorado	3,8				
	Alumnado	-				
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3,2				
	Profesorado	3				
	Alumnado	4,1				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	4				
	Profesorado	3,9				
	Alumnado	4,4				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4,3				
	Profesorado	4				
	Alumnado	-				
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4,6				
	Profesorado	3,9				
	Alumnado	-				
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	4				
	Profesorado	3,5				
	Alumnado	3,8				
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3,7				
	Profesorado	2,8				
	Alumnado	-				
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	4				
	Profesorado	3,8				
	Alumnado	4,4				

En relación ao test de competencia dixital docente (CDD) realizado ao profesorado do centro cabe indicar que a puntuación obtida en cada un dos apartados é a seguinte:

Participación segundo perfil do profesorado. (1.3. do TestCDD)

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	18	36	50 %
PROVISIONAL	2	4	50 %

INTERINO	2	3	66,7 %
SUBSTITUTO	2	6	33,3 %
DESPRAZADO	-	-	-

Puntuación e nivel de competencia do centro. (2.1. do TestCDD)

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
70,9	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

Puntuación e nivel de competencia por etapas. (2.2. do TestCDD)

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Inf.	57,8	Explorador/a (A2)	68,2	Integrador/a (B1)
Pri.	78,1	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)

Distribución do profesorado por niveis. (2.3. do TestCDD)

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
Principiante A1	3	12 %
Explorador/a A2	9	36 %
Integrador/a B1	8	32 %
Experto/a B2	3	12 %
Líder C1	2	8 %
C2	-	-
TOTAL	25	100,00%

Ademais da utilización dos test SELFIE e CDD para a análise DAFO o equipo de elaboración do Plan Dixital do CEIP de Pedrouzos tivo en conta outros aspectos traballados no centro e que non se recollen nos mencionados tests.

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e as aportacións do equipo de elaboración do Plan Dixital, o centro xerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

	INTERNOS	FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO		
	PERSOAL DOCENTE	<ul style="list-style-type: none"> - Hai debate sobre o uso das tecnoloxías. - O profesorado utiliza recursos dixitais en liña. - Existencia de actividades de aprendizaxe dixitais motivadoras para o alumnado. 	<ul style="list-style-type: none"> - Non existe cultura de traballo colaborativo en rede por parte do profesorado. - Escaso intercambio de experiencias e debate no centro sobre o ensino con tecnoloxías dixitais.

		-O profesorado utiliza tecnoloxías dixitais na comunicación relativa ao centro educativo.	- Escaso traballo interdisciplinar. - Discrepancia entre o equipo directivo e o profesorado en canto á creación de recursos dixitais. - Discrepancia entre o equipo directivo e o profesorado en canto ao emprego de contornos virtuais de aprendizaxe.
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	- O alumnado de 5º e 6º de primaria conta con equipamento informático. - O alumnado do noso centro aprende a actuar de xeito responsable en Internet.	- O alumnado de infantil e 1º - 2º - 3º - 4º de primaria non conta con equipamento informático.
	FAMILIAS		
	OFERTA		
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	- O equipo directivo apoia ao profesorado para explorar as novas formas de ensinanza coas tecnoloxías dixitais.	- Non hai estratexia dixital

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	- Existen actividades para que o profesorado mellore no seu DPC relativo ao ensino-aprendizaxe coas tecnoloxías dixitais.	- O profesorado non dispón de tempo suficiente para explorar a mellora do seu método de ensinanza a través de tecnoloxías dixitais. - Equipamento informático obsoleto (excepto 5º e 6º E.P.). - A asistencia técnica non é suficiente para a demanda de mantemento xerada no centro. - Falta equipamento actualizado.
	LEXISLACIÓN		- descoñecemento sobre os dereitos de autor e licencias de uso na realización das actividades de ensino aprendizaxe a través das tecnoloxías dixitais.
	CONTORNA		
	ANPA		
	OUTRAS ENTIDADES		

3. Plan de Acción

Unha vez realizado o DAFO e tendo en conta as distintas áreas analizadas, consideramos os seguintes obxectivos como os máis urxentes para o vindeiro curso:

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

"Área/s de mellora": Liderado (A)							
OBXECTIVO 1:	Promover a comunicación entre os mestres e as familias mediante o uso da ferramenta Abalar (A2*)				Acadado		
RESPONSABLE:	Equipo Directivo				Non acadado		
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Porcentaxe de mestres que realizan as comunicacións ás familias e as titorías a través do sistema Abalar (Instrumento: Enquisa)						
Valor de partida	10% dos mestres						
Valor previsto e data	80% dos mestres			22/06/2023			
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO	
AO1.1: Crear un grupo de traballo encargado da formación e da mentorización sobre o programa Abalar	Equipo Directivo	1/10/2022				Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO1.2: Fomentar a titorización entre iguais para formar a todo o claustro na ferramenta Abalar	Coordinador TIC e Profesorado do grupo de traballo	1/10/2022	Ordenador con conexión a internet, ou dispositivos móbiles			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO1.3: Potenciar o uso de Abalar mediante o envío de notificacións periódicas e a aceptación de titorías	Mestres do Centro e familias.	22/06/2023	Ordenador con conexión a internet, ou dispositivos móbiles			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	

"Área/s de mellora": Liderado (A)						
OBXECTIVO 2:	Promover o pago de taxas mediante o uso da ferramenta Abalar (A2*)				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo Directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Porcentaxe de familias que pagan as taxas a través do sistema Abalar (Instrumento: Enquisa)					
Valor de partida	5% das familias					
Valor previsto e data	50% das familias			22/06/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO2.1: Recibir formación por parte do Asesor Abalar de Zona sobre o uso da ferramenta Abalar	Equipo Directivo	22/06/2023	Aula de ordenadores e proxector.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Formar ás familias sobre como pagar as Taxas usando a ferramenta Abalar	Coordinador TIC e Equipo Directivo	22/06/2023	Ordenador con conexión a internet e proxector		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": Pedagogía: Apoio e Recursos						
OBXECTIVO 3:	Promover o uso da Aula Virtual do centro por parte do alumnado e profesorado (E3*)				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	No de actividades levadas a cabo co alumnado na AV do centro por docente implicado (Instrumento de medida: Contabilizar os recursos da aula virtual)					
Valor de partida	Non aplica (sen datos previos)					
Valor previsto e data	10 actividades realizadas co alumnado na AV por docente implicado			22/06/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A03.1: Crear os cursos e matricular ao profesorado e alumnado na AV do centro.	Persoa Coordinadora TIC	30/09/2022	Ordenadores e conexión a Internet. Aula Virtual corporativa		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.2: Publicar as actividades nos cursos correspondentes da AV do centro.	Profesorado da materia	22/06/2023	Ordenadores e conexión a Internet. Aula Virtual corporativa		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.3: Traballar co alumnado nas actividades creadas.	Profesorado da materia	22/06/2023	Ordenadores e conexión a Internet. Aula Virtual corporativa		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": Colaboración e redes (B)						
OBXECTIVO 4:	Colaborar con outras entidades para desenvolver a competencia dixital (B3*)				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinadores de ciclos e responsables de "departamentos" (Normalización, extraescolares)...				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de colaboracións con outras entidades (Instrumento: Memoria anual)					
Valor de partida	1 colaboracións (charlas, videochamadas, obradoiros)					
Valor previsto e data	5 colaboracións (charlas, videochamadas, obradoiros...)			22/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO4.1: Solicitar as charlas do Plan Director da Garda Civil e Policía Nacional sobre "Novas Tecnoloxías"	Director ou orientador do centro	23/12/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.2: Contactar co Concello de Brión para continuar cos obradoiros de adiccións.	Director ou orientador do centro	23/12/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.3: Contactar con entidades para charlas de diferentes temas (orientación laboral, coñecemento profesional, medio ambiente, ciencia en galego, ...)	Director, orientador ou mestres coordinadores de nivel.	22/06/2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": Desenvolvemento profesional continuo (D)						
OBXECTIVO 5:	Favorecer o intercambio de experiencias, no contexto da transformación dixital dos centros, tanto entre o profesorado do propio centro coma doutros centros de similares características (D3*)				Acadado	
RESPONSABLE:	Dirección				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de experiencias que se intercambiaron durante o curso (Instrumento: Memoria anual)					
Valor de partida	0 experiencias intercambiadas durante o curso 21/22)					
Valor previsto e data	5 experiencias intercambiadas durante o curso 22/23			22/06/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A05.1: Organizar intercambios de experiencias entre profesorado do centro e do instituto de Brión	Director ou orientador	22/06/2023	Profesorado do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A05.2: Pescudar experiencias que se están a levar a cabo noutros centros	Mestres do centro	22/06/2023	Webs doutros centros, redes sociais e congresos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A05.3: Organizar/participar/divulgar intercambios de experiencias de profesorado doutros centros	Mestres do centro	22/06/2023	Profesorado doutros centros que desenvolva experiencias interesantes e profesorado do centro que estea disposto a coñecelas		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": Infraestrutura e Equipos.						
OBXECTIVO 6:	Actualizar os dispositivos dixitais das aulas do centro (C8*)				Acadado	
RESPONSABLE:	Persoa coordinadora das TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Porcentaxe de equipos de aula con hardware posterior a 2012 actualizados (Instrumento: Memoria TIC e folia de rexistro)					
Valor de partida	0% de equipos de aula con hardware anterior a 2012 actualizados					
Valor previsto e data	75% de equipos de aula con hardware anterior a 2012 actualizados			22/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO6.1: Determinar as necesidades de cada equipo de aula.	Persoa coordinadora das TIC	22/12/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO6.2: Solicitar e instalar os discos duros SSD e a ampliación da memoria RAM dos equipos recuperables	Persoa coordinadora das TIC e Equipo Directivo	22/06/2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO6.3: Solicitar a reposición dos equipos máis obsoletos ou inservibles.	Persoa coordinadora das TIC e Equipo Directivo	22/06/2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

*Tal e como se recolle no obxectivo 6, o centro precisa, de xeito urxente, da **actualización do equipamento informático presente nas aulas** para que o profesorado poida levar a cabo a súa función docente. Esta actualización debería incluír os proxectores xa que a pesar de utilizar novas lámpadas proxectan con moi pouca intensidade facendo imposible o seu uso.*

Do mesmo xeito, para poñer en marcha os ultraportátiles do programa Fenda Dixital, precisamos dun carro de carga e evitar así que se enchufen nas aulas xa que supón un risco moi alto de caídas. Igualmente carros de carga para o equipamento Abalar xa que ten que cargarse con regletas e resulta difícil desprazalos polo centro.

A área de administración do centro tamén precisa da actualización do seu equipamento.

4. Avaliación do plan

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos, indicando:

*- No contexto da **avaliación procesual** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluírán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.*

*- No contexto da **avaliación final** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluírán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.*

5. Difusión do plan

O equipo de elaboración do Plan Dixital do centro expoñerá nunha reunión informativa, previa ao claustro e ao consello escolar do mes de xuño, o contido e os pasos que se deron para a realización do mesmo.

Unha vez aprobado o Plan Dixital do centro, previsiblemente no último claustro e consello escolar do presente curso, estará a disposición de toda a comunidade educativa do mesmo xeito en que se atopan os outros documentos do centro. Para dar maior difusión ao mesmo, será publicado na páxina web do centro e avisarase ás familias desta publicación.